

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 28.09.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

34661 (10/POC-005493)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para impulsar as medidas lexislativas e administrativas precisas para regular a actividade de lobby no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 31064 (10/PNC-002500)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre o despregamento pola Xunta de Galicia da banda larga de última xeración á totalidade da poboación galega no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

2.2 31122 (10/PNC-002511)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a elaboración polo Goberno galego e remisión ao Parlamento de Galicia do balance de seguimento correspondente ao exercicio 2017 do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, coa inserción nel dun informe referido á participación social e as conclusións do comité de seguimento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

2.3 33391 (10/PNC-002737)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que vai ter no futuro a automatización no mercado laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

2.4 35216 (10/PNC-002840)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito

específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1% do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 352, do 05.09.2018

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 358, do 19.09.2018

- 2.5 35455 (10/PNC-002858)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias, así como a demanda ao Goberno central das modificacións lexislativas oportunas para regular unha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018
- 2.6 35857 (10/PNC-002877)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 2 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34661(10/POC-005493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para impulsar as medidas lexislativas e administrativas precisas para regular a actividade de lobby no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A falta de claridade conceptual e de regulación con respecto aos grupos de interese (*lobbies*) supón en moitas ocasións a confusión entre estes grupos e o tráfico de influencias, pero mentres o *lobby* presupón un certo equilibrio, *a priori*, no campo de xogo, o tráfico de influencias, todo o contrario, consiste nun abuso de posición, normalmente ilegal, ilícita, do que se obteñen beneficios. Un grupo de interese implica unha declaración de intencións e, nesa medida, o recoñecemento de que o xogo de forzas se debe facer explícito para que os cidadáns, as organizacións, os consumidores, o conxunto de axentes, saiban a que aterse. Por iso, o recoñecemento, a formalización e a regulación dos *lobbies* no noso país, na nosa comunidade, é unha imperiosa esixencia de transparencia e calidade democrática.

Segundo o Eurobarómetro, o 77 % dos españois cren que a corrupción é parte da cultura dos negocios, mentres que un 67 % considera que a única forma de ter éxito nos negocios son as conexións políticas. Estas percepcións son aínda máis fortes entre as empresas, das que un 91 % ve excesivos vínculos entre diñeiro e política. Basta ser espectador dos principais casos xudiciais de corrupción no noso país para ser conscientes deste grave problema social, económico e político.

O *Libro verde sobre a iniciativa europea en favor da transparencia*, elaborado pola Comisión Europea en maio de 2006, define o *lobbismo* como unha parte lexítima do sistema democrático, independentemente de que esta actividade sexa realizada por particulares, empresas, organizacións da sociedade civil así como por outros grupos de interese ou, incluso, firmas que traballan en nome de terceiras persoas, como responsables de relacións institucionais, laboratorios de ideas (*think-tanks*) ou profesionais da avogacía. Unha actividade que debe de ser pública para que a cidadanía teña pleno acceso á información sobre todo o que incide no comportamento das institucións e das autoridades.

Nas distintas iniciativas presentadas polo noso Grupo parlamentario nos anteriores períodos de sesións desta X Lexislatura en materia de calidade



Grupo Parlamentario

democrática e medidas contra a corrupción, e sistematicamente rexeitadas polo Grupo do Partido Popular, recollíamos as consideracións do Grupo de Estados contra a Corrupción (GRECO) do Consello de Europa.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O seu informe de xullo de 2016 supuña un severo correctivo ante a inacción das autoridades españolas (co Goberno do Partido Popular ao fronte) ao concluír que o noso país non ten observado de maneira satisfactoria ningunha das recomendacións contidas no seu informe de avaliación do Cuarto ciclo de 2014. Sen paliativos, GRECO cualifica como “globalmente insatisfactorio” o grao de cumprimento das súas recomendacións.

Os gobernos do Partido Popular teñen buscado crear a aparencia de impulsar un ambicioso paquete de iniciativas dirixidas a loitar contra a corrupción, pero tanto a realidade socio-política do noso país (ver sucesivos barómetros CIS) como as conclusións do Informe GRECO 2016 desmenten incontestablemente esta errada pretensión, non atendéndose así ás esixencias preconizadas polo Consello de Europa.

No seu Informe de conformidade intermedia de seguimento da prevención da corrupción, adoptado na súa 78ª reunión plenaria en Estrasburgo nos pasados días 4-8 de decembro de 2017, o Consello de Europa volve observar como España non está a cumprir de forma satisfactoria as recomendacións contra a corrupción. Entre estas recomendacións, GRECO insta a regular os grupos de interese e as súas relacións coas autoridades públicas e, sinaladamente, cos representantes políticos.

Nunha comparecencia parlamentaria en 2015 o propio presidente do Consello Galego da Competencia aludía claramente a determinados axentes que interveñen no mercado como focos de especial atención en materia de libre competencia e, polo tanto, sectores máis que propicios a desenvolver presión sobre as autoridades reguladoras á hora de acordar políticas públicas.

Tamén o presidente do Parlamento galego anunciaba en decembro de 2016 que promovería que a axenda dos deputados autonómicos sería pública para a cidadanía.

Ao igual que Estados avanzados da nosa contorna, institucións da UE e algunhas comunidades autónomas, Galicia ten tamén que adoptar todas as medidas necesarias para reforzar a lexitimidade do seu Goberno, das súas institucións, e reducir así a percepción de corrupción sistémica. E a regulación do *lobby* é unha das medidas precisas para reducir riscos de corrupción e mellorar a calidade e a transparencia na toma de decisións políticas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 12:18
Nº Rexistro: 34661
Data envío: 20/08/2018 12:18:19.385



Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que previsións ten o Goberno galego para impulsar as medidas legislativas e administrativas precisas para regular a actividade de *lobby* no ámbito da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/08/2018 12:17:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/08/2018 12:17:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/08/2018 12:17:52

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/08/2018 12:17:56

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 31064(10/PNC-002500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o despregamento pola Xunta de Galicia da banda larga de última xeración á totalidade da poboación galega no ano 2018

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e dos seus deputados, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A promulgación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos, foi o punto de inflexión na forma de relacionarse coas distintas administracións.

Tres anos despois, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, no que se establece xa no seu preámbulo que “o *Goberno da Xunta de Galicia ten dentro dos seus eixes impulsar a modernización e a innovación tecnolóxica co obxecto de potenciar a mellora da calidade do servizo ofrecida á cidadanía, convertendo á Xunta de Galicia nun modelo que sexa referente para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia e en todos os seus ámbitos*”.

Do mesmo xeito, establece que a cidadanía ten que ser a primeira e a principal beneficiaria do acceso electrónico e, polo tanto, a Administración queda obrigada a transformarse nunha administración electrónica, invocando o artigo 103 da Constitución española e a citada Lei 11/2007.

O 30 de abril de 2015, o Consello da Xunta aprobou a Axenda Dixital de Galicia 2020, como unha estratexia tecnolóxica para impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfrenta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento.

Neste ano 2018, é dicir, 11 anos despois da aprobación da Lei 11/2007 e 8 anos despois da aprobación do Decreto 198/2010, a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), está a tramitar a Lei de administración dixital de Galicia, destacando no anteproxecto o papel determinante das solucións dixitais para acadar unha administración máis transparente, sinxela, eficaz e inclusiva, achegando datos do INE 2017 que indica



Grupo Parlamentario

que o 84,6 % a poboación de entre 16 e 74 anos accedeu ningunha vez a internet, que o 69 % faino diariamente e que o 54,6 % emprega a banca electrónica, e que as empresas dependen cada vez en maior medida das TIC, sendo un factor de “supervivencia” para a continuidade da actividade empresarial.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital acaba de publicar o Informe Anual 2018 sobre a cobertura en España en 2017 e a cobertura por comunidades autónomas, do que se desprende que Galicia é unha das comunidades con menor cobertura:

	Cobertura Galicia	Cobertura conxunto España
ADSL \geq 2Mbps	70,4	90,0
ADSL \geq 10Mbps	53,0	71,9
VDSL	10,6	17,9
HFC	55,1	48,8
FTTH	41,3	100,0
Cobertura inalámbrica \geq 2Mbps	45,4	57,5
Cobertura inalámbrica \geq 30Mbps	3,7	14,1
UMTS con HSPA	100,0	99,9
LTE (4G)	98,9	97,2

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a despregar a banda ancha de última xeración ao 100 % da poboación galega neste exercicio 2018.

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31064
Data envío: 16/05/2018 14:13:52.912



Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/05/2018 14:10:02

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/05/2018 14:10:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/05/2018 14:10:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/05/2018 14:10:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 31122(10/PNC-002511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a elaboración polo Goberno galego e remisión ao Parlamento de Galicia do balance de seguimento correspondente ao exercicio 2017 do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, coa inserción nel dun informe referido á participación social e as conclusións do comité de seguimento

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é *“Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”*, e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establécense unha serie de obxectivos medibles para a súa consecución:

1. PIB anuais superiores ou en torno ao 2,5 %.
2. Incremento en máis de 100.000 empregos ata 2020:
 - Redución taxa de paro en torno ao 10 %
 - Mellora das taxas de ocupación dos cidadáns entre 20 e 64 anos en 10 puntos ata acadar o 70 %.
3. Duplicar o gasto en I+D ata o 1,7 % do PIB e aumentar ata o 40 % do PIB o nivel de exportacións dos nosos sectores produtivos.
4. Reducir abandono escolar en 3,5 puntos ata chegar ao 13,5 %.
5. Chegar ao 47 % de galegos entre 30-34 anos con estudos superiores.
6. Reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social en 100.000 persoas.



Grupo Parlamentario

7. Rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % respecto de 2005.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

8. Aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30 % do consumo final e incrementar a eficiencia enerxética nun 20 % respecto do nivel de 2005.

9. Implantar un paquete de medidas para revitalizar demográfica: achegarse a 1,59 fillos por muller.

10. Converxer en oito puntos coa UE en PIB per cápita, ata chegar ao 88 %.

O contido do Plan contempla a elaboración de balances de seguimento, o correspondente ao exercicio 2016 aparece na páxina *web* da Consellería de Facenda, pero para o exercicio 2017 se presenta un avance.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore o balance do Plan estratéxico correspondente ao exercicio 2017, no que se inclúa un informe sobre a participación social e as conclusións do Comité de seguimento. O dito balance deberá ser remitido o Parlamento para coñecemento, valoración e formulación de propostas por parte dos grupos parlamentarios.

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/05/2018 10:00
Nº Rexistro: 31122
Data envío: 18/05/2018 19:05:08.399



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/05/2018 16:16:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/05/2018 16:16:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/05/2018 16:16:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 33391(10/PNC-002737)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que vai ter no futuro a automatización no mercado laboral

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Afundación da Obra Social Abanca vén de publicar o resumo executivo da súa publicación *A economía galega. Informe 2017*, un estudo elaborado en colaboración co Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela e o Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE). A investigación reserva un espazo á preocupación que está xerando a automatización de tarefas que, ata o de agora, foran desenvolvidas por traballadores e traballadoras. A inqedanza vai en aumento porque, como podemos comprobar na nosa vida cotiá, as máquinas non só poden realizar accións mecánicas e repetitivas propias dos traballos pouco cualificados, senón que, cada vez máis, son quen de encargarse de labores que requiren manexar e explotar un gran volume de información co obxecto de levar a cabo comportamentos complexos. A Intelixencia Artificial, o Internet das cousas, a xestión da información que permiten os big data... están permitindo ás máquinas comezar a disputar algúns postos de traballo de alta cualificación. Ademais, aínda que moi poucas profesións poidan ser enteiramente automatizadas no futuro próximo, moitas son susceptibles de ser parcialmente automatizadas, o que pode diminuír o número de profesionais necesarios para satisfacer as necesidades da sociedade.



Asumindo a metodoloxía adoptada polos economistas Carl Frey e Michael Osborne –que calcula a probabilidade de automatización das ocupacións estudando o impacto sobre os salarios e os niveis de formación–, o informe de Afundación conclúe que o número de traballadores en risco de ser substituídos por máquinas en Galicia é de máis do 30%, isto é, case 1 de cada 3 traballadores, porcentaxe que supera a calculada para o conxunto do Estado.

Aínda que ao proceso de automatización do traballo lle queda un longo camiño por diante, as súas primeiras manifestacións xa se están deixando sentir con contundencia nalgúns espazos, como nos supermercados e nas tendas físicas. Zara é un exemplo recente disto. A firma do grupo Inditex decidiu instalar máquinas de pago automático nalgúns tendas da provincia de A Coruña coa oposición dos sindicatos e dos traballadores, que consideran que a compañía está recortando os gastos a costa dos traballadores.

Por suposto, non todo o que ten que ver coa automatización son riscos, senón que hai tamén oportunidades que poden ser aproveitadas. A automatización permite que a produtividade medre, tanto dende o punto de vista dos negocios como dende a perspectiva das economías, algo proveitoso en países nos que a poboación en idade de traballar diminúe. Ademais, a automatización pode favorecer a competitividade das pequenas empresas, na medida na que lles facilita unha maior produción e uns resultados máis profesionais.

Ante este panorama, ás administracións tócalles actuar con responsabilidade e visión de futuro, anticipando cal será o impacto da automatización, e actuando para sacarlle partido as súas oportunidades e minimizar os seus riscos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 13:17
Nº Rexistro: 33391
Data envío: 12/07/2018 13:17:46.891



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe acerca do impacto futuro da automatización no mercado laboral que permita deseñar un plan de adaptación, co obxecto de garantir o emprego de calidade.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputada, deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 12/07/2018 13:11:35

José Manuel Lago Peñas na data 12/07/2018 13:11:44

Luis Villares Naveira na data 12/07/2018 13:11:52

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 35216(10/PNC-002840)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1% do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Publicación da iniciativa, 352, 05.09.2018

Publicación da iniciativa, 358, 19.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35216
Data envío: 28/08/2018 13:32:33.332

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres e coñecéronse múltiples agresións machistas que saltaron aos medios, como por exemplo a agresión sexual do Armandiña Rock que tivo unha forte resposta tamén a pé de rúa. Co paso dos anos, grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que sendo importantísimo, dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas.

A diagnose e abordaxe da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

A necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas é unha obriga para toda a sociedade e, de forma particular, para todas as administracións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35216

Data envío: 28/08/2018 13:32:33.332

Entre as ferramentas das que nos temos dotado desde Galiza salienta a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Se ben o paso de máis dunha década debe facernos reflexionar sobre aqueles aspectos que deben ser mellorados, obriga adoptada polo Parlamento Galego nos traballos para o Pacto Galego contra a violencia machista, tamén o é que debemos ter vixilancia sobre o cumprimento dos aspectos que recolle. Nese sentido, é fundamental pisar o acelerador do compromiso económico e orzamentario.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía destinada de forma específica á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista nos vindeiros Orzamentos até chegar cando menos ao 1% do total.”

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 13:32
Nº Rexistro: 35216
Data envío: 28/08/2018 13:32:33.332

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2018 13:29:38

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2018 13:29:46

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2018 13:29:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2018 13:29:49

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2018 13:29:50

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2018 13:29:51

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 35455(10/PNC-002858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias, así como a demanda ao Goberno central das modificacións lexislativas oportunas para regular unha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35455
Data envío: 31/08/2018 10:56:08.893

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, recollía o popular “código de boas prácticas” para a banca, cuxa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implica que se trata dunha norma inxusta, que comporta unha clara desigualdade diante da lei, pois permite manter os privilexios da banca e aparentar a concesión de dereitos á posición máis débil, ás persoas afectadas polos impagamentos hipotecarios, cando en realidade ditos dereitos só poderán ser exercidos, non en virtude de norma legal, senón da súa admisión voluntaria polas entidades de crédito. É dicir, de feito o Goberno delegou a súa función de gobernar, pois remite o cumprimento das normas ao que voluntariamente acorde o sector bancario.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35455
Data envío: 31/08/2018 10:56:08.893

A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado Código. Así, deberían ofrecer unha moratoria de cinco anos a partires da primeira falta de pagamento. Porén, non o ofrecen ao cliente e na práctica optan por propoñer novas hipotecas ou avais familiares. Maioritariamente ten que ser a persoa afectada a que solicite a súa aplicación, e a banca rexeita máis da metade das solicitudes, alegando que non se cumpren os requisitos.

Na maioría dos casos, as entidades bancarias ofrecen como alternativas dende créditos persoais ate avais familiares, porén non ofrecen a moratoria a cinco anos estipulada no Código de Boas Prácticas, e por outra banda, as entidades tampouco ofrecen información aos clientes a respecto da posibilidade de acollerse a algunha acción contemplada no Código, a pesares de que o propio código indica “a obriga por parte da entidade de informar aos seus clientes das posibilidades de acollerse a unha serie de vantaxes, tan pronto o banco teña coñecemento da falta de pagamento ou do atraso do pago dunha cota.

A propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver unha abafante situación que atravesan miles de cidadáns e cidadás derivada do sobreendebemento inducido pola propia banca reconece que antes houbo malas prácticas, porén, lonxe de supoñer unha penalización á banca que as cometeu, viuse recompensada cunha norma feita a medida dos seus intereses. Xa que logo, o Código de Boas Prácticas queda reducido a unha declaración de boas intencións sen que na práctica sexa unha ferramenta útil para evitar desafuzamentos e permitir que, nunha situación de impago, as persoas afectadas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35455
Data envío: 31/08/2018 10:56:08.893

poidan continuar na vivenda acolléndose á moratoria e pagando unicamente xuros.

Máis aínda, o citado Código non obriga á dación en pagamento, polo que perde calquera utilidade para as miles de familias que están en situación de desafuzamento. Máis aínda, recentemente tivemos mostras do incumprimento do Código por parte, por exemplo, do Banco Santander, de recente expansión en Galiza e multado polo Banco de España en agosto de 2018 por unha infracción grave tipificada no artigo 15 do citado Real Decreto-Lei 6/2012, que consiste en incumprir as obrigas de aplicar as previsións do Código desde que a persoa debedora acredita que se encontra dentro do limiar da exclusión. Son feitos gravísimos que merecen a nosa atención.

Dende o BNG apostamos por un maior compromiso con esta realidade, tamén por parte da Xunta de Galiza. Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza:

- a desenvolver unha avaliación do impacto en Galiza da aplicación do Código de boas prácticas bancarias de cara a estudar medidas para poñer en práctica no ámbito das súas competencias para elevar o grao de protección das e dos usuarios galegos que poidan verse afectados e afectadas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35455
Data envío: 31/08/2018 10:56:08.893

- a que demande do estado as modificacións legislativas oportunas para que se regule unha moratoria e a dación en pago para as persoas que non poden afrontar a súa hipoteca e se incremente o nivel de esixencia do Código de Boas Prácticas.”

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 10:55:46

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 10:55:50



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 10:56
Nº Rexistro: 35455
Data envío: 31/08/2018 10:56:08.893

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 10:55:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 10:55:53

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 10:55:54

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 10:55:56

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 28.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 35857(10/PNC-002877)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 2 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte *Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª*.

Exposición de motivos.

O sistema público de pensións é o elemento central da protección social no noso país polo número de persoas beneficiadas, polo importe dos recursos dos que dispón o sistema pero, sobre todo, porque as pensións son a renda case única das persoas que por razón de idade deixan de traballar.

Asegurar as pensións e a súa actualización anual é un compromiso ineludible coas persoas que logo dunha longa vida de traballo xeraron o dereito a unha pensión suficiente que lles permita vivir de forma independente cos seus propios recursos.

En agosto de 2018, en Galicia hai 674.290 persoas pensionistas, unha elevada cifra que equivale ao 25% da poboación total do noso país o que supón que un de cada catro persoas é pensionista.

Pensionistas que cobran de media tan só 810 euros mensuais, unha contía obviamente baixa pero que aínda así agocha detrás dese valor medio situacións de pobreza e exclusión que padecen miles e miles de pensionistas en Galicia. Porque no noso país o 58% das pensións están por debaixo do limiar da pobreza. O 28% das pensións é inferior aos 500 euros mes e outro 30% non chega aos 650 euros. Un dato amosa o enorme problema para moitas persoas, hai 200.000



pensionistas que cobran menos de 450 euros mensuais, unha cantidade tan baixa que condena á pobreza e á exclusión as persoas que as perciben

Pensións moi baixas, as segundas máis baixas do Estado, que condenan á precariedade e á dependencia das persoas maiores. Pensións baixas que ademais sufriron a perda de poder adquisitivo dende que a Lei 234/2013 cambiou o sistema de actualización anual eliminando a referencia ao IPC trocándoa polo denominado índice de revalorización.

Este índice, tal e como estaba definido na norma legal, condenaba á practica conxelación permanente das pensións converténdose nunha gravísima ameaza para o futuro das mesmas e o benestar das persoas pensionistas.

O 0,25% de variación anual das pensións para sempre derivado da definición do índice de revalorización constituía un mecanismo perverso con efectos demoledores sobre o poder adquisitivo das persoas pensionistas, que nun prazo de dúas décadas verían reducida a súa pensión nun 30% en termos reais: pasar de pensións baixas a pensións de miseria.

A enorme mobilización social, o rexeitamento maioritario da sociedade contra este empobrecemento das persoas maiores, obrigou ao Partido Popular a un cambio cosmético do índice de revalorización que agora, co seu desaloxo do goberno, deu un paso adiante con incrementos das pensións próximos ao IPC.

Pero o avanzado, con ser moito, non é suficiente nin está garantido para o futuro. Este é o momento de formalizar de forma decidida o compromiso coas persoas maiores, as pensionistas, porque é necesario e posible garantir que, cando menos, as pensións non perdan poder adquisitivo e ademais facelo de forma definitiva, de forma que non se volvan a ver ameazadas no futuro por axustes e recortes do gasto público.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 35857
Data envío: 04/09/2018 13:30:28.848



Para elo é necesario eliminar de forma definitiva o índice de revalorización, derogando a Lei 23/2013 e volver a regular por lei que o criterio para a actualización anual da contía das pensións ten que ser a variación real do IPC de cada ano. Un cambio normativo que debe ter o máximo respaldo legal para impedir a volta atrás, dándolle a norma que regula esta revalorización o máximo rango xurídico e institucional.

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de Lei** para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central demandándolle que estableza de forma inmediata un mecanismo de revalorización das pensións que asegure, cando menos, que as pensións manteñan o seu poder adquisitivo, isto é, que medren cada ano o mesmo que o IPC, polo que, ademais do incremento inicial se debe recuperar a cláusula de garantía, por si a inflación ao final do ano é superior á subida inicial das pensións. Un sistema de actualización da contía das pensións que debe blindarse legalmente, dándolle o máximo rango xurídico e institucional, para evitar que ningún goberno poda volver a recortar e devaluar as pensións.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:30
Nº Rexistro: 35857
Data envío: 04/09/2018 13:30:28.848

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2018 13:28:06

Carmen Santos Queiruga na data 04/09/2018 13:28:16

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2018 13:28:24